

## FAQ PEL PEMES MANTEMENTO 2019

Axudas ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.

### 1. Qué prazo hai para presentar as solicitudes?

O día 6 de marzo de 2019 publicáronse as bases reguladoras das axudas das liñas PEL PEMES MANTEMENTO no Boletín Oficial da Provincia onde se recollen as condicións que regulan estas axudas.

O prazo de presentación de solicitude abrírase coa publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia posterior á publicación das bases.

*(Bases: Punto 8. Fase de solicitude. Forma e prazo. Apartado 8.2. Prazo de presentación)*

### 2. Quén as pode solicitar?

Estas axudas ao mantemento do cadro de persoal van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as, todos **eles beneficiarios/as da subvención PEL-PEMES Creación e Ampliación 2018 que levaron a cabo a contratación de maneira indefinida con carácter previo á presentación da solicitude PEL-PEMES Mantemento 2019** e que **con anterioridade á data de publicación da convocatoria**, reúnan os seguintes requisitos:

1. Domicilio fiscal en calquera concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
2. Estar inscrita no rexistro mercantil, no caso das entidades que estean obrigadas a iso.
3. A actividade da empresa, definida nos seus estatutos, ou do/a autónomo/a debe de estar relacionada cos perfís profesioanis da persoa contratada.

*(Bases: Punto 3. Destinatarios/as)*

### 3. Cáles son as obrigas das persoas beneficiarias?

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir , os seguintes compromisos e obrigas relativas á presentación de solicitudes, xestión e xustificación das axudas:

- **Non estar nin ter estado incurso en expediente de regulación de emprego, regulación ou despedimento improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP.**
- Autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigacións coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Deputación desde a data de presentación da solicitude de subvención.
- Cumprir con todos os requisitos indicados nas bases e manter a mesma forma xurídica desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Cumprir coa normativa de minimis e declarar ao presentar a solicitude que non supera os límites establecidos en devandita normativa para o seu sector.

- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTEL calquera modificación que puidese afectar á solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
- Facilitarlle á persoa contratada, os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se atope vixente durante a execución do traballo.
- Cumprir a lexislación de protección de datos de carácter persoal, así como satisfacer, os deberes económicos de carácter salarial e tributario en prazo ordinario, independentemente do momento do pago da subvención.
- **Manter a contratación do traballador/a para o posto de traballo nos grupos de cotización e categoría profesional correspondentes ao importe concedido (táboa recollida na base 5).**

**Admítese a posibilidade de que o beneficiario realice unha mellora na categoría profesional e grupo de cotización con carácter previo á presentación da solicitude, que deberá facelo constar no Anexo VII. Declaración do mantemento da contratación indefinida e que supoñerá un incremento no importe solicitado segundo os importes recolleitos na táboa indicada na base 5.**

**No caso de que se produza unha mellora da categoría profesional e grupo de cotización nunha fase posterior á presentación da solicitude, será admitida esta mellora pero non supoñerá un cambio no importe solicitado e concedido.**

**Se a Unidade xestora detectase que o beneficiario/a non mantivo a contratación do traballador/a segundo o grupo de cotización e categoría profesional correspondentes ao importe concedido, tramitarase a perda de dereito ao cobro da axuda.**

- **Manter o tipo de contrato indefinido e a xornada de traballo indicada na solicitude. Poderá admitirse o cambio dunha xornada parcial a unha completa, tendo en conta que neste último caso non se incrementará o importe da contía concedida.**
- **Cumprir os requisitos esixidos nestas bases desde a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.**
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos do plan.
- **Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, desde a data de publicación das bases reguladoras da axuda e durante todo o período subvencionado. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obrigaición de mantemento cando o número de traballadores/as da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa maior ao existente no momento de publicación das bases reguladoras da axuda.**

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obrigaición cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/ha traballador/a, ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total, ou despedimento disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do traballador/a e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e

de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación da Coruña.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta mais dunha solicitude por entidade.
- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades publicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente en lugar visible no centro de traballo, logotipo da Deputación e mención expresa ao Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña e á súa convocatoria específica: PEL- PEMES Mantemento 2019. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.
- Enviar xunto coa xustificación, documentación gráfica da publicidade realizada nas actividades e/ou actuacións realizadas con cargo á subvención concedida.

*(Bases: Punto 12. Compromisos e deberes)*

#### **4. Cales son os requisitos das persoas contratadas?**

As persoas contratadas deben cumprir, no momento de presentar a solicitude, ademáis dos esixidos no Estatutos dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, os seguintes:

1. Estar empadroadado nun municipio da provincia da Coruña.
2. Ter sido contratado na convocatoria PEL-PEMES Creación/Ampliación 2018.
3. Ter contrato indefinido con carácter previo á presentación da solicitude de axuda PEL-PEMES Mantemento 2019 por parte da entidade solicitante.
4. Ter a mesma categoría profesional na que foi contratado e subvencionado con cargo a PEL-PEMES Creación/Ampliación 2018, salvo que se produza unha mellora na categoría profesional.
5. Ter a mesma xornada de traballo que na convocatoria anterior, salvo que se pase de parcial a completa.

*(Bases: Punto 4. Requisitos das persoas contratadas. Punto 4.1. Requisitos)*

## 5. Qué tipo de contratacións non son subvencionables?

Se exclúen dos beneficios regulados nestas bases os seguintes supostos:

1. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído, do/a empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou que sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.
2. Os contratos realizados con persoas que ostentan cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedades mercantís.

*(Bases: Punto 4. Requisitos das persoas contratadas. Punto 4.2. Exclusionís)*

## 6. Cál é o tipo de gasto e importe subvencionable?

Cada empresa poderá solicitar a subvención para os gastos correspondentes a un máximo de **12 meses do/a traballador/a contratado/a de maneira indefinida acollido á subvención PEL-PEMES Creación e Ampliación 2018.**

Serán subvencionables os gastos de contratación **desde o momento en que finalice o período subvencionable da convocatoria anterior** (transcorridos os 12 primeiros meses de contrato relativos a PEL-PEMES Creación e Ampliación 2018, tendo en conta a posible ampliación no caso de que se producirá unha nova contratación por extinción da relación laboral do traballador/a anterior).

| PEL-PEMES. MANTENIMIENTO DEL CUADRO DE PERSONAL                                       |                            |          |
|---|----------------------------|----------|
| O mantemento daquelas contratacións indefinidas realizadas con cargo a PEL-PEMES 2018 |                            |          |
| Nº traballadores  | Porcentaxe máximo da axuda | Duración |
| 1   | 50%                        | 12 meses |

Os conceptos de gasto subvencionables son os seguintes:

| Conta | Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade |
|-------|--|
| 640   | Soldos e salarios  |
| 642   | Seguridade social a cargo da entidade                      |

**Non serán subvencionables** outros conceptos derivados da contratación (horas extraordinarias, indemnización fin de contrato, incrementos salariais, roupa de traballo), nin outras percepcións non salariais (plus de transporte...) que deberán ser asumidos polo/a beneficiario/a.

| Contratacións a jornada completa (40 horas) |   |   |                                     |
|---|---|---|-------------------------------------|
| Grupo de cotización                         | Categorías profesionais   | Estimación de custes de contratación anuais | Importe máximo a solicitar/conceder |
| 1   | Enxeñeiros/as e licenciados/as. Persoal de alta dirección non incluído no art. 1.3.c) do Estatuto dos Traballadores | 22.000,00 €                                 | 11.000,00 €                         |
| 2   | Enxeñeiros/as técnicos, peritos e axudantes titulados/as  | 22.000,00 €                                 | 11.000,00 €                         |
| 3   | Xefes/as administrativos/as e de taller   | 20.000,00 €                                 | 10.000,00 €                         |
| 4   | Axudantes non titulados/as  | 20.000,00 €                                 | 10.000,00 €                         |
| 5   | Oficiais administrativos/as   | 20.000,00 €                                 | 10.000,00 €                         |
| 6   | Subalternos/as  | 20.000,00 €                                 | 10.000,00 €                         |
| 7   | Auxiliares administrativos/as   | 20.000,00 €                                 | 10.000,00 €                         |
| 8   | Oficiais de primeira e segunda  | 18.000,00 €                                 | 9.000,00 €                          |
| 9   | Oficiais de terceira e especialistas  | 18.000,00 €                                 | 9.000,00 €                          |
| 10  | Peóns   | 18.000,00 €                                 | 9.000,00 €                          |
| 11  | Traballadores/as menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional                                  | 18.000,00 €                                 | 9.000,00 €                          |

(Bases: Punto 5. Subvencións, contías e período subvencionable)

## 7. É a axuda compatible con outras axudas?

As subvencións concedidas **non serán compatibles** con calquera outra axuda concedida pola Deputación da Coruña, agás aquelas axudas concedidas ao amparo do Plan de Emprego Local. Tamén **serán compatibles** con calquera outra axuda pública ou privada para os mesmos conceptos. En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.

Os/as solicitantes da axuda deben declarar as axudas públicas recibidas baixo o réxime de *minimis* nos tres últimos anos, mediante a declaración contida no **Anexo I**.

(Bases: Punto 7. Compatibilidade das axudas)

## 8. Forma de presentación das solicitudes:

No momento da solicitude, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTeL, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos **con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda**:

| DOCUMENTACIÓN XERAL |  |
|---------------------|--|
| Anexo I             | Declaración sobre as axudas do Réxime de <i>minimis</i>  |
| Anexo II            | Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante |
| Anexo III           | Memoria Técnica  |
| Anexo VII           | Declaración do mantemento da contratación indefinida   |

|                                 |   |
|---------------------------------|---|
| Outros documentos               | Conversión do contrato de traballo a indefinido (no caso daqueles solicitantes que realizan a conversión con carácter previo á presentación da solicitude tal e como se recolle na base 3).                                   |
| Outros documentos               | Certificado sobre o Imposto de Actividades Económicas da Axencia Estatal de Administración Tributaria.  |
| <b>DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA</b> |   |
| Persoas físicas                 | Duplicado actualizado de Resolución de alta en Réxime Especial de Traballadores por conta propia ou autónomos actualizado.  |
| Persoas xurídicas               | Modificacións ou variacións da escritura de constitución da entidade presentada para a convocatoria PEL- PEMES Creación /Ampliación 2018 así como a inscrición no rexistro público correspondente no caso de estar obrigados. |

*(Bases: Punto 8. Requisitos Fase de solicitude. Forma e prazos)*

## 9. Cómo se conceden as axudas e cómo se valoran?

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en **régimen de concorrencia competitiva**, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a valoración das solicitudes presentadas, nomearase por Resolución da presidencia unha Comisión de Valoración que estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial da Coruña, actuando como secretario o xefe de Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. A comisión poderá estar asisitida por persoal experto na materia.

A Comisión valorará e puntuará as solicitudes presentadas conforme a criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias e perseguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial.

A valoración de cada memoria técnica presentada, que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, realizarase sobre un total de 100 puntos que se outorgarán atendendo aos criterios específicos de valoración recollidos no punto 10 das bases.

No caso de producirse empate na puntuación, atenderase á data e á orde de presentación da solicitude, para realizar o desempate destas solicitudes.

*(Bases: Punto 9. Procedemento de concesión e aprobación e Punto 10. Valoración das solicitudes)*

## 10. Cómo e cándo se xustifican os gastos para o pago da axuda?

O **pago da subvención** farase efectivo unha cumprido o obxecto para o cal foi concedida e **realizarase nun único pago, por importe máximo do total da subvención concedida.**

O/a beneficiario/a disporá dun prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos da axuda relativa aos 12 meses de contratación, que será o 31 de decembro de 2020.

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as será o orzamento definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables. No caso de que xustifiquen un importe inferior, o importe para abonar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustifico.

*(Bases: Punto 13. Fase de xustificación e pago da subvención.)*